



4.3.- Cobertura social

■ O número total de beneficiarios de pensións en Galicia volve a descender no ano 2014 para situarse en torno ás 920.000 persoas. Fronte ao incremento de case 7.000 beneficiarios de pensións contributivas, diminúen lixeiramente os de pensións non contributivas, con 800 menos, así como, fundamentalmente, os beneficiarios de prestacións por desemprego, cunha redución superior ás 20.000 persoas.

O importe medio das pensións contributivas en Galicia, a pesar de aumentar lixeiramente por riba da media española, sitúa á comunidade no último ano como a segunda co importe máis baixo das dezasete Comunidades Autónomas españolas, manténdose o diferencial coa media estatal por riba dos 135 euros mensuais.

A Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e o Real Decreto 1045/2013, de 27 de decembro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2014, esta-

blecen una revalorización xeral das pensións da Seguridade Social do 0,25%. O devandito Real Decreto sinala que a revalorización do límite máximo de percepción de pensións públicas é do 0,25%, e fixa igualmente una revalorización do 0,25% das contías mínimas das pensións do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, das pensións non contributivas do devandito sistema, así como das pensións non concorrentes do extinguido Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez. Asemade, actualízanse as contías das asignacións a favor de fillos con discapacidade con 18 o máis anos.

Neste capítulo analízanse as prestacións económicas dos distintos beneficiarios de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego, estudando posteriormente as prestacións sanitarias e sociais de xeito máis específico.

Pensións contributivas

As pensións contributivas son prestacións económicas, xeralmente de duración indefi-



Prestacións 2013-14: distribución segundo tipo de cobertura

	número		importe medio	
	2013	2014	2013	2014
Pensións contributivas	<i>(medias anuais, en miles)</i>		<i>(en € / mes)</i>	
Total	739,1	746,0	720,32	733,92
Incapacidade permanente	69,6	68,9	798,1	807,1
Xubilación	456,1	461,6	809,9	828,5
Viuvez	185,8	186,6	520,9	526,9
Orfandade e favor familiar	27,6	28,9	386,4	384,8
Pensións non contributivas				
Total	43,9	43,1		
Invalidez	16,5	16,2	388,2	388,7
Xubilación	27,4	26,9	351,8	354,5
LISMI	1,0	0,8		
Prestacións por desemprego	<i>(datos a 31-12, en miles)</i>			
Total	149,7	129,0		
Contributivas	73,8	57,1	789,0	780,2
Subsidios	63,4	58,8	426,0	485,3
Renta activa de inserción	12,5	13,0	426,0	429,9
	<i>(beneficiarios anuais)</i>			
RISGA	9.300		390,50	
AES	2.653		1.038,17	

LISMI: Lei de integración social do minusválido

RISGA: Renda de integración social de Galicia

AES: Axudas de emerxencia social

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social e Consellería de Traballo e Benestar

4.3.1.

nida, cuxa contía ven determinada polas achegas efectuadas polo traballador e o empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado aos efectos da base reguladora da pensión de que se trate.

O número de pensións contributivas da Seguridade Social volve a medrar lixeiramente no ano 2014 en Galicia, para acadar as 746.000 pensións, un 0,9% máis que no ano anterior (1,5% no conxunto do Estado). O seu importe medio ascende a 733,92 euros ao mes, 135,55 euros inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, o que sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma cun importe medio das pensións contributivas máis baixo tras Estremadura. En relación ao ano anterior, o importe medio en Galicia medra un 1,9%, dúas décimas máis que a media española.

En Galicia localízanse o 8,1% do total de pensións contributivas do Estado, o que

sitúa a nosa comunidade como a quinta por número deste tipo de pensións, por detrás de Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana.

Desagregando o estudio segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 4.3.2.** reflicte que as pensións de xubilación son as que acollen ao maior número de beneficiarios e o importe medio máis elevado. No ano 2014, o número de beneficiarios de pensións contributivas por xubilación en Galicia foi de 461.500 persoas, cinco mil cincocentas máis que no ano anterior, o que supón o 8,3% do total de beneficiarios estatais. O importe medio mensual foi de 828,53 euros, inferior en 173,06 euros ao importe medio do Estado, o que mantén a Galicia como a comunidade co importe medio máis reducido de todo o Estado español.

Séguenlle en importancia, en canto ao número medio mensual se refire, as pensións





Pensións contributivas nas CC.AA. 2013-14: distribución segundo clase de pensión


	Galicia		España		G / E	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Totais						
número	739,1	746,0	9.066,0	9.201,2	8,2	8,1
14/13		0,9		1,5		
importe medio	720,32	733,92	855,03	869,47	84,2	84,4
14/13		1,9		1,7		
Incapacidade permanente						
número	69,6	68,9	935,1	929,4	7,4	7,4
importe medio	798,12	807,10	920,01	927,83	86,8	87,0
Xubilación						
número	456,1	461,6	5.451,4	5.559,1	8,4	8,3
importe medio	809,90	828,53	981,33	1.001,59	82,5	82,7
Viuvez						
número	185,8	186,6	2.336,3	2.348,5	8,0	7,9
importe medio	520,91	526,93	620,32	626,86	84,0	84,1
Orfandade e favor familiar						
número	27,6	28,9	342,9	364,2	8,0	7,9
importe medio	386,35	384,81	385,41	384,07	100,2	100,2

(1) o número de pensións está en miles; os importes medios, en euros/mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.3.2.

Pensións contributivas 2008-14 (1): distribución segundo clase de pensión



(1) medias anuais, en miles

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.3.3.


de incapacidade permanente. O número total de pensións no ano 2014 descendeu ata as 68.900 (69.600 pensións no ano anterior) e o seu importe medio mensual aumentou para situarse nos 807,10 euros mensuais, case 121 euros inferior á media estatal. Esta contía, aínda que superior á rexistrada no ano anterior, sitúa a Galicia como a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante só de Estre-

madura, con 754,69 euros, e Murcia, con 805,03 euros.

Respecto ás pensións por viuvez, orfandade e favor familiar, as prestacións por morte e supervivencia están destinadas a compensar a situación de necesidade económica que produce, para determinadas persoas, o falecemento doutras. No ano 2014, o número de beneficiarios de pensións contribu-



Importe medio das pensións contributivas 2008-14: distribución segundo clase de pensión



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.3.4.

Pensións contributivas en Galicia e España 2013-14 ⁽¹⁾: distribución segundo réxime

	Total	Réxime xeral	R. E. de traballadores autónomos	R. E. de traballadores do mar	R.E. da minería do carbón	Accidentes de traballo	Enfermedades profesionais	SOVI
Galicia								(2)
número								
2013	739.114	360.445	278.547	54.261	1.593	18.163	2.791	16.439
2014	746.031	377.576	275.579	54.699	1.589	18.140	2.796	15.652
14/13	0,9	4,8	-1,1	0,8	-0,3	-0,1	0,2	-4,8
importe medio								
2013	720,32	861,05	529,18	839,36	1.199,44	814,04	964,65	382,47
2014	733,92	868,34	535,14	850,13	1.227,89	826,47	982,47	383,19
14/13	1,9	0,8	1,1	1,3	2,4	1,5	1,8	0,2
España								
número								
2013	9.065.830	6.253.735	1.893.610	131.129	67.226	208.752	40.630	398.732
2014	9.201.080	6.454.006	1.918.223	130.781	67.046	208.340	39.769	382.916
14/13	1,5	3,2	1,3	-0,3	-0,3	-0,2	-2,1	-4,0
importe medio								
2013	856,37	955,74	602,60	911,54	1.473,98	917,90	1.154,16	381,86
2014	871,01	965,83	611,50	921,56	1.503,01	930,83	1.163,82	381,85
14/13	1,7	1,1	1,5	1,1	2,0	1,4	0,8	0,0
Galicia / España								
número								
2013	8,2	5,8	14,7	41,4	2,4	8,7	6,9	4,1
2014	8,1	5,9	14,4	41,8	2,4	8,7	7,0	4,1
importe medio								
2013	84,1	90,1	87,8	92,1	81,4	88,7	83,6	100,2
2014	84,26	89,9	87,5	92,2	81,7	88,8	84,4	100,4

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes

(2) Seguro obligatorio de velez e invalidez

Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

4.3.5.



tivas de viuvez en Galicia ascendeu a 186.600 (o 7,9% do total estatal) e o seu importe medio mensual a 526,93 euros, o máis reducido do conxunto do Estado, con case 100 euros menos ao mes que a media. No concernente ás pensións de orfandade e favor familiar, os 28.900 beneficiarios (o 8% do total de España) perciben de media 384,81 euros mensuais. A pensión de orfandade e favor familiar mantense como a única das pensións contributivas cun importe medio superior á media estatal.

En canto á distribución segundo réximes, o número de pensións correspondente ao réxime xeral e ao especial de traballadores autónomos ascende a 377.576 e 275.579 pensións, respectivamente, situándose o seu importe medio en 868,34 e 535,14 euros/mes, respectivamente. No réxime especial de traballadores do mar, o número de pensións ascendeu a 54.699 e o seu importe medio, a 850,13 euros mensuais, salientando o feito de que o 41,8% do total estatal de pensións contributivas neste réxime están localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

No ano 2014, Galicia segue sendo a comunidade co menor importe medio mensual no caso do réxime de traballadores autónomos situándose como a quinta con menor importe medio no réxime xeral, por detrás de Extremadura, Murcia, Andalucía e Canarias. No caso do réxime especial de traballadores do mar, o importe medio galego ascende aos devanditos 853,32 euros/mes, o menor do Estado.

Comparativamente co ano anterior, o **cadro 4.3.5.** reflicte que o incremento de case 7.000 pensións contributivas en Galicia veu motivado fundamentalmente polo aumento das correspondentes ao réxime xeral (17.131 pensións máis). Asemade, o número de pensións dentro do réxime especial de traballadores do mar tamén se incrementa en relación á mesma data do ano an-

terior (438 máis). Os citados incrementos compensan unha nova caída rexistrada tanto no caso dos traballadores autónomos (2.968 menos) como no seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI) (787 menos).

Pensións non contributivas

As pensións non contributivas, reguladas na Lei Xeral da Seguridade Social, aseguran a todos os cidadáns unha prestación económica, asistencia médico farmacéutica grauíta e servizos sociais complementarios, aínda que non teñan cotizado ou o teñan feito de xeito insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva.

As pensións non contributivas rexistradas en Galicia no ano 2014 presentan, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, un novo descenso do número total de beneficiarios. Tras unha caída do 1,8% respecto ao ano anterior, o número total de beneficiarios sitúase nos 43.146 (o 9,6% do total de beneficiarios en España) manténdose como a cuarta comunidade con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña e a C. Valenciana.

O 62,4% do total de beneficiarios teñen unha pensión de xubilación e o restante 37,6%, de invalidez. Ao igual que o acontecido en anos anteriores, os **cadros 4.3.6. e 4.3.7.** amosan o descenso tanto das pensións de invalidez (representan o 8,2% do total estatal) coma das pensións de xubilación (o 10,7% destas pensións no conxunto do Estado). O importe medio mensual das pensións non contributivas é de 354,46 euros para as pensións por xubilación e de 388,69 euros para as pensións por invalidez.

En torno ao 68% dos beneficiarios das pensións non contributivas que teñen a súa residencia fixada en Galicia son mulleres, sendo esta proporción similar á participación media feminina no Estado español. O

Pensións non contributivas nas CC.AA. 2013-14 ⁽¹⁾


	Total			Invalidez			Xubilación		
	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)
Andalucía	101.707	102.447	0,7	45.416	45.928	1,1	56.291	56.519	0,4
Aragón	7.700	7.631	-0,9	2.809	2.795	-0,5	4.891	4.836	-1,1
Asturias	9.489	9.300	-2,0	4.660	4.560	-2,1	4.830	4.740	-1,9
Baleares	7.509	7.647	1,8	3.232	3.218	-0,4	4.276	4.429	3,6
Canarias	42.714	43.005	0,7	19.307	19.458	0,8	23.408	23.547	0,6
Cantabria	6.424	6.609	2,9	3.256	3.373	3,6	3.168	3.236	2,1
Castela-A Mancha	20.174	19.902	-1,3	9.459	9.410	-0,5	10.715	10.492	-2,1
Castela e León	22.386	22.276	-0,5	9.795	9.788	-0,1	12.592	12.488	-0,8
Cataluña	55.659	56.527	1,6	24.873	25.421	2,2	30.786	31.106	1,0
C. Valenciana	46.400	46.952	1,2	19.509	19.316	-1,0	26.891	27.635	2,8
Extremadura	14.202	14.282	0,6	5.801	5.874	1,3	8.401	8.408	0,1
Galicia	43.925	43.146	-1,8	16.510	16.244	-1,6	27.415	26.902	-1,9
Madrid	34.645	35.722	3,1	13.933	14.351	3,0	20.712	21.371	3,2
Murcia	14.174	14.503	2,3	7.399	7.548	2,0	6.775	6.955	2,7
Navarra	2.635	2.616	-0,7	877	913	4,1	1.758	1.703	-3,1
País Vasco	10.449	10.772	3,1	5.772	6.041	4,7	4.677	4.731	1,2
A Ríoxa	1.772	1.807	2,0	759	770	1,4	1.013	1.037	2,4
Ceuta e Melilla	4.326	4.489	3,8	2.110	2.296	8,8	2.216	2.194	-1,0
Total	446.290	449.633	0,7	195.477	197.304	0,9	250.815	252.329	0,6
G/E (%)	9,8	9,6		8,4	8,2		10,9	10,7	

(1) medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.6.

Pensións non contributivas 2008-14 ⁽¹⁾: distribución segundo clase de pensión



(1) medias anuais, en miles

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.7.

predominio feminino obsérvase nas catro provincias galegas, mais con diferenzas cuantitativas, oscilando ente o 71,5% da provincia de A Coruña e o 62,3% de Ourense e Lugo, que ofrecen novamente unha das participacións máis reducidas do Estado,


tan só superior á das tres provincias vascas.

O estado civil maioritario entre os beneficiarios de pensións non contributivas en Galicia é o de casado cunha participación en torno ao 45%, superior á media estatal que se si-





Importe medio das pensións non contributivas 2008-14 ⁽¹⁾: distribución segundo clase de pensión



(1) medias anuais, en euros

Fonte: IMSERSO, *Pensiones no contributivas de jubilación e invalidez*

■ 4.3.8.

tuou no 41,5%. A porcentaxe de beneficiarios solteiros en Galicia foi do 37,3%, dous puntos inferior á media do Estado. Analizando conxuntamente as variables sexo e estado civil, obsérvase que 53 de cada 100 mulleres beneficiarias están casadas (50 de cada cen de media en España) e que 60 de cada cen homes beneficiarios están solteiros (case o 65% no conxunto do Estado).

Como terceira característica do perfil dos beneficiarios de pensións non contributivas, tanto en Galicia como no conxunto de España, a unidade económica de convivencia máis habitual está formada por unha soa persoa, representando o 35% das pensións. Non obstante, na provincia de Ourense este peso sitúase no 43% e na de Lugo, no 40%. A continuación, a unidade económica de convivencia integrada por dous e tres membros, representan en torno ao 17% e 25% do total.

No concernente ás prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos

das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, contempla os subsidios de garantía de ingresos mínimos (SGIM), subsidios por axuda de terceira persoa (SATP) e subsidios de mobilidade e compensación por gastos de transporte (SMGT).

No ano 2014 continúa o descenso do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, tal e como reflicte o **cadro 4.3.9.**, volve a rexistrarse un descenso do número de beneficiarios en tódalas comunidades autónomas, que no caso galego foi de case o 20% respecto ao ano anterior (201 beneficiarios menos), oito puntos superior ao experimentado no conxunto do Estado. O número de beneficiarios destas prestacións descendeu en Galicia ata os 816, reducíndose levemente a súa importancia relativa no conxunto de España ata o 3,9% (4,3% en 2013).

A contía vixente para o último ano establecida na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, que quedan



Prestacións sociais e económicas da LISMI nas CC.AA. 2013-14 ⁽¹⁾

	2013	2014	14/13 (%)
Andalucía	4.106	3.666	-10,7
Aragón	603	538	-10,8
Asturias	782	721	-7,8
Baleares	169	140	-17,2
Canarias	264	245	-7,2
Cantabria	610	583	-4,4
Castela-A Mancha	2.563	2.410	-6,0
Castela e León	3.052	2.602	-14,7
Cataluña	1.185	1.052	-11,2
C. Valenciana	2.064	1.889	-8,5
Extremadura	1.145	955	-16,6
Galicia	1.017	816	-19,8
Madrid	2.469	1.948	-21,1
Murcia	3.131	2.808	-10,3
Navarra	-	-	-
País Vasco	-	-	-
A Rioxa	118	103	-12,7
Ceuta e Melilla	587	577	-1,7
Total	23.865	21.053	-11,8
G/E (%)	4,3	3,9	


LISMI: Lei de integración social do minusválido

(1) número de beneficiarios, medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.9.

Prestacións sociais e económicas da LISMI 2008-14 (1): distribución segundo clase



SGIM: Subsidio de garantía de ingresos mínimos; SATP: Subsidio por axuda de terceira persoa; SMGT: Subsidio de movilidad e compensación por gastos de transporte

(1) número de prestacións, en medias anuais


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.10.





Importe bruto das nóminas da LISMI 2008-14 ⁽¹⁾: distribución segundo clase



SGIM: Subsidio de garantía de ingresos mínimos; SATP: Subsidio por axuda de terceira persoa; SMGT: Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte

(1) importe bruto, en miles de euros

Fonte: IMSERSO, *Prestaciones sociales y económicas para personas con discapacidad*

4.3.11.

fixados nos importes mensuais seguintes:

- SGIM: 149,86 euros mensuais.
- SATP: 58,45 euros mensuais
- SMGT: 62,90 euros mensuais.

Prestacións por desemprego

O número total de beneficiarios de prestacións de desemprego redúcese no ano 2014 de xeito máis acusado que no ano anterior, tanto en Galicia como no conxunto do Estado. O número total de perceptores desta prestación sitúase nas 128.998 persoas, un 13,8% menos que en 2013, (-11,9% en España), o que representa o 5,3% dos perceptores no conxunto do Estado. Esta caída prodúcese tanto no número de perceptores de prestacións contributivas como de subsidios, fronte ao leve ascenso no número de beneficiarios da renda activa de inserción.

O 45,6% dos beneficiarios da prestación por desemprego en Galicia no ano 2014 tiñan dereito ás prestacións de nivel asistencial, sendo esta porcentaxe do 42,3% no ano an-

terior, correspondendo un 44,3% a beneficiarios de prestacións de nivel contributivo (49,3% en 2013) e o 10,1% restante, á renda activa de inserción (8,3% no ano anterior).

O número de beneficiarios das prestacións por desemprego descendera de xeito máis acusado que no ano 2013, cunha redución do 13,8%. A importancia relativa das prestacións contributivas sobre o total de prestacións por desemprego aumenta novamente no último ano, descendendo as porcentaxes de beneficiarios do subsidio e da renda activa de inserción. O devandito descenso dos beneficiarios das prestacións contributivas leva asociado unha caída do seu importe medio ata os 780,2 euros mensuais.

As catro provincias presentan un importe medio das prestacións contributivas inferior á media estatal, rexistrándose a contía máis elevada en A Coruña, con 803 euros mensuais, por diante de Pontevedra, con 776,20 euros. Lugo e Ourense teñen os importes



Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2013-14 ⁽¹⁾

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
Beneficiarios				
totais	149.687	2.742.905	128.998	2.417.742
prestación contributiva	73.795	1.221.534	57.137	976.785
subsídio	63.400	1.140.367	58.847	1.049.903
renta activa de inserción	12.492	250.333	13.014	265.098
subsídio eventuales agrarios	-	130.671	-	125.956
Paro rexistrado (2)	276.007	4.845.302	256.960	4.575.937
Taxas cobertura (3)				
total	59,96	61,44	55,57	57,61

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) medias anuais

(3) datos a 31 de decembro de cada ano; indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:

beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral + beneficiarios subsidios agrarios)

(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado - paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.3.12.

medios máis reducidos con 739,29 euros/mes e 744,20 euros/mes, respectivamente.

No ano 2014 o 3,7% dos beneficiarios das prestacións por desemprego en Galicia son estranxeiros, porcentaxe moi inferior á do conxunto do Estado que se sitúa no 9,9%. No último ano, un total de 4.737 beneficiarios son de nacionalidade estranxeira, o 2% do total estatal, dos que 2.722 pertencen a países non comunitarios e os restantes 2.015, á Unión Europea.

A taxa de cobertura, **cadro 4.3.12.**, mide a porcentaxe de parados con experiencia laboral que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. En Galicia esta taxa descendeu dende o 60% do ano 2013 ata 55,6% do último ano, sendo esta porcentaxe dous puntos inferior á taxa de cobertura media no conxunto do Estado.

Renda mínima de inserción

Tal e como se recolle no *Informe de Rendas Mínimas de Inserción* do ano 2013 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (último informe publicado), a contía mínima en Galicia ascendía a 399,38 euros por persoa (un máximo de 665,64 euros por

unidade familiar) e situaríase no 61,9% do Salario Mínimo Profesional e a un 75% do Indicador Público de Rendas Múltiples. Estas porcentaxes son inferiores ás medias estatais, que se sitúan no 64,9% e no 78,6%. A taxa de cobertura de titulares por cada 1.000 habitantes ascende en Galicia ata 4,08, sendo dita taxa a nivel estatal do 5,48 por 1.000 habitantes, en tanto que a taxa de cobertura por perceptor (titulares e membros dependentes) foi de 8,84 perceptores por cada mil habitantes en Galicia fronte aos 13,53 de España.

Prestacións e axudas no ámbito da familia e a infancia

– Prestacións por risco durante o embarazo: O seu obxectivo é cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. No ano 2014 prodúcese unha medra importante dos procesos en vigor, tanto no que respecta ás traballadoras por conta allea (932 no último





Prestacións por risco durante o embarazo e a lactancia natural en Galicia e España 2013-14

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
Prestacións por risco durante o embarazo				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	245,0	5.165,6	272,5	5.589,2
Procesos en vigor ó final do período	767,0	17.155,0	932,0	18.642,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	94,9	94,6	97,4	95,1
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	15,9	304,5	24,3	382,0
Procesos en vigor ó final do período	44,0	902,0	72,0	1.136,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	69,2	74,6	71,1	74,3
Prestacións por risco durante a lactancia natural				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	3,9	59,7	3,3	46,8
Procesos en vigor ó final do período	25,0	413,0	23,0	350,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	131,4	123,8	142,7	146,2
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	0,6	3,9	0,8	4,0
Procesos en vigor ó final do período	1,0	20,0	5,0	30,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	102,0	108,1	159,3	153,1

Fonte: Seguridad Social

■ 4.3.13.

ano) como no caso das traballadoras por conta propia (72 en 2014). Medra así mesmo a duración media dos procesos finalizados, que se sitúan en 97,4 e 71,1 días, respectivamente.

– Prestacións por risco durante a lactación natural: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. Como recolle o **cadro 4.3.13.**, o número de procesos en vigor para traballadoras por conta allea descendeu lixeiramente en Galicia ata os 23 procesos (25 en 2013), mentres que aumenta a duración dos procesos finalizados ata os 142,7 días (131,4 días no ano anterior).

– Prestacións de maternidade: As prestacións económicas por maternidade tratan de

cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren os traballadores, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento legalmente establecidos. Ao longo do ano 2014 concedéronse 13.974 prestacións de maternidade, 580 menos que no ano anterior, das que 13.669 serían percibidas pola nai e as restantes 305, un 2,1% do total, polo pai, porcentaxe superior á media estatal (1,7%). Esta redución leva aparellada a caída dun 2,7% do gasto, que se sitúa nos 72,5 millóns de euros, dous millóns menos que no ano anterior, o que representa o 4,6% do gasto no conxunto do Estado.

– Prestacións de paternidade: Esta prestación económica protexe o dereito do outro proxenitor, distinto ao que xera o dereito á prestación de maternidade, a percibir un subsidio durante os días de suspensión do contrato de traballo no caso de nacemento de fillo, adopción ou acollemento. O número de prestacións de paternidade concedidas volve a descender en Galicia no ano 2014,



Prestacións de maternidade nas CC.AA. 2013-14

	Procesos precibidos						Gasto	
	2013			2014			2013	2014
	pola nai	polo pai	(% / total)	pola nai	polo pai	(% / total)	(en miles de euros)	
Andalucía	50.238	606	1,2	49.249	618	1,2	237.139,0	232.570,4
Aragón	8.131	165	2,0	7.880	140	1,7	45.685,1	45.171,3
Asturias	4.658	121	2,5	4.474	122	2,7	25.819,7	24.717,9
Baleares	6.976	115	1,6	6.794	121	1,7	38.897,9	39.032,8
Canarias	9.207	132	1,4	9.227	143	1,5	48.273,0	48.909,7
Cantabria	3.480	95	2,7	3.248	74	2,2	18.835,1	17.728,1
Castela-A Mancha	10.695	147	1,4	10.010	135	1,3	57.745,2	54.382,3
Castela e León	12.358	251	2,0	12.117	253	2,0	67.229,2	66.621,7
Cataluña	49.574	814	1,6	48.156	814	1,7	310.638,4	305.101,8
C. Valenciana	27.629	335	1,2	27.166	379	1,4	144.081,0	144.265,6
Extremadura	5.511	61	1,1	5.725	61	1,1	26.186,6	26.455,2
Galicia	14.554	329	2,2	13.974	305	2,1	74.532,1	72.514,9
A Coruña	6.306	161	2,5	6.003	150	2,4	33.911,5	32.531,6
Lugo	1.530	32	2,0	1.470	29	1,9	7.610,1	7.418,5
Ourense	1.325	38	2,8	1.299	29	2,2	6.544,0	6.410,5
Pontevedra	5.393	98	1,8	5.202	97	1,8	26.466,4	26.154,3
Madrid	48.629	773	1,6	46.948	769	1,6	317.713,2	314.453,5
Murcia	9.496	84	0,9	9.377	68	0,7	46.872,8	46.721,4
Navarra	4.683	159	3,3	4.558	164	3,5	30.322,7	29.800,2
País Vasco	15.362	681	4,2	14.646	696	4,5	105.116,2	102.463,3
A Ríoxa	2.023	39	1,9	1.914	36	1,8	11.168,1	10.834,7
Ceuta e Melilla	719	12	1,6	776	14	1,8	3.645,1	3.904,5
Total	283.923	4.919	1,7	276.239	4.912	1,7	1.609.900,4	1.585.649,4

Fonte: Seguridad Social

4.3.14.

Prestacións de paternidade nas CC.AA. 2013-14

	Procesos		Gasto	
	2013	2014	2013	2014
			(en miles de euros)	
Andalucía	37.138	36.968	27.284,5	27.363,6
Aragón	7.710	7.449	6.304,4	6.248,9
Asturias	3.910	3.718	3.438,1	3.265,4
Baleares	5.174	5.071	4.042,1	4.069,0
Canarias	7.551	7.631	5.324,6	5.467,3
Cantabria	3.081	2.822	2.575,2	2.396,9
Castela-A Mancha	10.200	9.761	7.751,8	7.625,6
Castela e León	11.156	11.091	8.784,9	8.965,5
Cataluña	44.460	44.227	40.009,0	40.134,2
C. Valenciana	22.798	23.319	17.107,4	18.095,9
Extremadura	4.451	4.572	3.005,4	3.103,5
Galicia	11.360	11.156	8.693,6	8.809,3
A Coruña	5.016	4.831	3.915,5	3.984,5
Lugo	1.135	1.139	796,6	820,1
Ourense	1.067	1.018	761,0	760,8
Pontevedra	4.142	4.168	3.220,5	3.244,0
Madrid	40.256	39.326	38.599,8	39.332,6
Murcia	7.902	8.312	5.999,9	6.169,6
Navarra	4.284	4.241	4.246,6	4.226,7
País Vasco	14.149	13.630	14.091,9	13.969,3
A Ríoxa	1.885	1.806	1.469,2	1.500,1
Ceuta e Melilla	523	578	419,8	485,7
Total	237.988	235.678	199.148,4	201.229,2

Fonte: Seguridad Social

4.3.15.





Beneficiarios de prestacións familiares por nacemento ou adopción de fillo 2013-14

2013						
	Galicia				España	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
Total	652	238	87	61	266	23.298
familias numerosas	370	128	61	34	147	16.855
familias monoparentais	272	104	26	26	116	6.227
familias con nais discapacitadas	10	6	-	1	3	216

2014						
	Galicia				España	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
Total	683	272	91	85	235	25.304
familias numerosas	402	145	63	49	145	18.604
familias monoparentais	268	119	27	34	88	6.470
familias con nais discapacitadas	13	8	1	2	2	230

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 4.3.16.

situándose nas 11.156 prestacións, 204 menos que no ano precedente, o que representa o 4,7% das prestacións en España. Tal e como indica o **cadro 4.3.15.**, o gasto experimenta unha medra do 1,3% en relación ao ano 2013, acadando os 8,8 millóns de euros.

– Prestacións familiares por fillo a cargo: Esta prestación consiste nunha asignación económica que se recoñece por cada fillo a cargo do beneficiario, menor de 18 anos ou maior afectado dunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%, calquera que sexa a súa filiación, así como polos menores acollidos en acollemento familiar, permanente ou preadoptivo, sempre que non se supere o límite de ingresos establecido.

As prestacións periódicas por fillo a cargo volve a medrar no ano 2014 tanto en Galicia como en España, acadando as 683 prestacións, o 2,7% do total estatal. As máis numerosas son as prestacións a familias numerosas, que tras un incremento do 8,6%, case dous puntos menos que no conxunto do Estado, acadan as 402. A diferenza do acontecido en España, descende o número de prestacións a familias monoparentais ata as 269, catro menos que no ano anterior. □



